

PECHAMOS CURSO!

As titoras de 4º de Educación Infantil (3 anos) queremos felicitar ás familias e alumnado pola implicación que tivestes nestes últimos meses tan complicados. **UN APLAUSO GRANDE PARA VÓS!**

Agardamos que poidamos recuperar a normalidade o antes posible e que continuemos compartindo momentos a carón dos nenos e nenas de maneira presencial. E chega o verán... unha época na que seguro moitas cuestións relacionadas cos pequenos e pequenas vos crean inquedanzas. Achegámosvos unha serie de propostas que esperamos vos resulten de interese.

DEBERES DE VERÁN

- ADICAR TEMPO EN FAMILIA.
- CONFERIR AOS NENOS E NENAS AUTONOMÍA NAS ACTIVIDADES DIARIAS (TANTO NAQUELAS RELACIONADAS COA AUTONOMÍA PERSOAL COMO NAS REFERIDAS A TAREFAS DE AXUDA NO FOGAR).
- FALAR MOITO COS PEQUENOS E PEQUENAS DE CALQUER TEMA QUE LLES RESULTE DE INTERESE.
- ABURRIRSE, POIS TAMÉN É IMPORTANTE PARA ESPERTAR O PENSAMENTO CREATIVO.
- CONTAR MOITOS CONTOS E HISTORIAS.
- OBSERVAR O MUNDO QUE NOS RODEA (CAMPOS, PRAIAS...)
- RIR, COMPARTIR.

TOCA UN MEREcido DESCANSO!

OS ASPECTOS QUE FOMOS ABORDANDO AO LONGO DO CURSO RELACIONADOS CO ACHEGAMENTO A LÓXICO-MATEMÁTICA E Á LECTO-ESCRITURA COBRAN SENTIDO DE MODO CONTEXTUALIZADO. PODEDES SEGUIR TRABALLANDO OS NÚMEROS (CONTAMOS MACARRÓNS, CONTAMOS CANTOS DEDOS TEMOS, CANTAS FROITAS MERCAMOS...) E ACHEGÁMONOS AO MUNDO DAS LETRAS A TRAVÉS DO NOME PROPIO, DA NOSA MASCOTA OU DALGÚN MEMBRO DA FAMILIA.

Cando comece o novo curso continuaremos traballando todos os aspectos vistos este ano, ningún neno/a queda atrás.



BO VERÁN!

